



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 69_xaneiro-xuño | pp. 145-156
Santiago de Compostela, 2025
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i69.5316>
© José Luis Benedito Cadorniga
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 08/05/2025 | Aceptado: 26/06/2025

Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

Análise sobre as modificacións operadas pola Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza no ámbito da xurisdición contencioso-administrativa

Análisis sobre las modificaciones operadas por la Ley orgánica de medidas en materia de eficiencia del Servicio Público de Justicia en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa

Analysis of the Amendments Introduced by the Organic Law on Measures to Improve the Efficiency of the Public Justice Service in the Field of Administrative Jurisdiction

JOSÉ LUIS BENEDITO CADÓRNIGA
Xunta de Galicia

jose.luis.benedito.cadorniga@xunta.gal

Resumo: Este estudo ten por obxecto analizar a pegada da recentemente publicada Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, no que respecta á orde xurisdiccional contencioso-administrativa; en concreto, realizarase unha exexese dos cambios arredor da planta xudicial, a lexitimación, un estudo máis pormenorizado das modificacións realizadas no procedemento abreviado e, finalmente, referiranse unha serie de modificacións de menor calado ou importancia.

Palabras clave: Lei orgánica 1/2025, orde xurisdiccional contencioso-administrativa, procedemento abreviado.

Resumen: El presente estudio tiene por objeto analizar la impronta de la recientemente publicada Ley orgánica 1/2025, de 2 de enero, en lo que respecta al orden jurisdiccional contencioso-administrativo; en

69 Regap

Regap



COMENTARIOS

concreto, se realizará una exégesis de los cambios en torno a la planta judicial, la legitimación, un estudio más pormenorizado de las modificaciones realizadas en el procedimiento abreviado y, finalmente, se referirán una serie de modificaciones de menor calado o importancia.

Palabras clave: Ley orgánica 1/2025, orden jurisdiccional contencioso-administrativo, procedimiento abreviado.

Abstract: The purpose of this study is to analyze the impact of the recently published Organic Law 1/2025, of January 2, regarding the contentious-administrative jurisdictional order, specifically, an exegesis of the changes regarding the judicial organization, legitimation, a more detailed study of the modifications made in the abbreviated procedure and, finally, a series of minor modifications will be referred.

Key words: Organic Law 1/2025, contentious-administrative order, abbreviated procedure.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. Modificación da planta xudicial. 3. Modificación do ámbito competencial. 4.- Introducción da lexitimación dos sindicatos para actuar en nome dos seus afiliados. 5.- Modificacións operadas no procedemento abreviado. 5.1.- Sobre a celebración da vista. 5.2.- Sobre as conclusións escritas. 5.3.- Sobre a sentenza oral. 5.4.- Sobre os recursos. 6.- Outras modificacións. 7.- Conclusións. 8.- bibliografía.

1. Introducción

Segundo a exposición de motivos da Lei orgánica 1/2025, e polo que á orde xurisdiccional contencioso-administrativa incumbe, a reforma ten como finalidade primordial a axilización do proceso. Especialmente, a reforma céntrase no procedemento abreviado e o lexislador trata de fomentar que o recurso se decida sen vista e propiciar así a tramitación escrita, porque, segundo di, e aquí vén a primeira crítica ao lexislador, “*esta (enténdase a vista) celébrase pola soa solicitude da parte demandada e para os únicos efectos de formular a súa contestación á demanda no acto da vista*”.

Esta aseveración é contraria á realidade e práctica procesual, posto que a celebración da vista ten lugar ante a mera solicitude do actor na súa demanda, ou ben porque o demandante non pide expresamente que o preito se decida sen necesidade de vista no seu escrito reitor. O lexislador descarga de toda responsabilidade ao actor, a pesar de que por razóns de pura lóxica procesual é este quen move a primeira ficha e, polo tanto, a quen lle incumbe eludir a vista. En consecuencia, a parte demandante é a responsable de que se celebren vistas, en moitos casos de forma innecesaria, en contra do que sinala o lexislador.

É máis, cómpre ter en conta que a tramitación do procedemento abreviado por escrito xira arredor do concurso dunha das seguintes vontades: a do actor, a da demandada ou a do propio xuíz. Deste xeito, a soa vontade dunha das partes ou do órgano xurisdiccional impide a tramitación escrita, como apuntan Valiño Ces¹ e Loredó Colunga².

¹ VALIÑO CES, A., “Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado”, en CASTILLEJO MANZANARES, R. e MARTÍN CONTRERAS, L. (Dirs.) El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, p. 120.

² LOREDO COLUNGA, M., “Puntos críticos en la tramitación del procedimiento abreviado”, en CASTILLEJO MANZANARES, R. e MARTÍN CONTRERAS, L. (Dirs.), El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, p. 65.

De aí que non poidamos acoller esa crítica que, de xeito máis ou menos velado, lanza o lexislador aos representantes procesuais das administracións, porque a celebración da vista non atende á vontade obstinada e rebelde das partes demandadas³, como parece que se nos quere facer entender. E, se así fose, sería posible, como suxiren algúns autores⁴, a imposición de custas por mala fe ou algún tipo de sanción, en caso de que a Administración se empeñase en celebrar unha vista que non é, evidentemente, necesaria.

En contraposición ao indicado polo lexislador, Chaves García⁵ parece depositar a responsabilidade da celebración da vista no actor, aínda que recoñece que a renuncia anticipada á vista e ese procedemento abreviado expreso constitúe unha mingua de garantías procesuais en detrimento do propio demandante, de aí que opte pola vista.

En calquera caso, e baixo o noso punto de vista, tería sido máis lóxico outro motivo para xustificar a reforma, como a igualdade de armas, como suxire Huergo Lora⁶; ou o fracaso que supuxo a transposición á orde xurisdiccional contencioso-administrativa da vista oral para lograr a redución da carga de traballo dos órganos xurisdiccionais.

Se descendemos ao articulado da norma, temos que ir ata o artigo 21 da Lei orgánica para atoparnos co precepto que aborda as modificacións operadas sobre a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

regap



COMENTARIOS

2. Modificación da planta xudicial

Antes de aludir ás modificacións da norma rituarial na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, cabe referir a modificación que a Lei orgánica 1/2025 realiza da planta xudicial e as reformas que introduce na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, que se centran nos órganos xurisdiccionais unipersoais.

Como ben apunta Lara Fernández⁷, a modificación dos artigos 66 letras a), c) e e), así como o artigo 74 da Lei orgánica 6/1986, do 1 de xullo, do poder xudicial, limítase a adaptar a norma á nova planta xudicial. Desta forma, os xulgados do contencioso-administrativo convértese agora na sección do contencioso do tribunal de instancia,

³ Os datos estatísticos demostran que a porcentaxe de estimación dos recursos contencioso-administrativos é superior cando o recurso se resolve por escrito, segundo Casado Casado. Véxase CASADO CASADO, L., "Reflexiones sobre algunas debilidades de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa", en MONTERO CHINER, M. J., CASADO CASADO, L. e FUENTES I GASÓ, J. R. (Eds.), *La Jurisdicción Contencioso-Administrativa ante la encrucijada de su reforma*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2023, p. 163.

⁴ LOREDO COLUNGA, M., "Puntos críticos en la tramitación del procedimiento abreviado", cit., p. 66; VALIÑO CES, A., "Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado", cit., p. 121. Ambos os dous aluden á ampla discrecionalidade que o lexislador lle outorgou á Administración para condicionar o desenvolvemento, oral ou escrito, do procedemento.

⁵ CHAVES GARCÍA, R., "Procedimiento abreviado: incidencias y trámites", en CASTILLEJO MANZANARES, R. e MARTÍN CONTRERAS, L. (Dirs.), *El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, p. 25.

⁶ HUERGO LORA, A., "El control judicial de la Administración", en DARNACULLETA GARDELLA, M. M. e VELASCO CABALLERO, F. (Dirs.), *Manual de Derecho Administrativo*, Marcial Pons, Madrid, 2024, p. 885.

⁷ LARA GONZÁLEZ, F., "Novedades de la Ley Orgánica 1/2025, de 2 de enero, de medidas en materia de eficiencia del Servicio Público de Justicia en el proceso contencioso-administrativo", *Revista Jurídica de la Comunidad de Madrid*, núm.1, xaneiro 2025, pp. 47-48.

mentres que a sección do contencioso do tribunal central substitúe os xulgados centrais do contencioso-administrativo.

Cabe tamén citar a disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, que di, en esencia, que as referencias aos xulgados se entenden substituídas polas seccións correspondentes dos tribunais central e de instancia, respectivamente.

3. Modificación no ámbito competencial

A única modificación do ámbito competencial concirne á Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, en virtude do artigo 11.1.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A reforma ten por obxecto clarificar que aquela sala coñecerá dos recursos contra os actos ou disposicións emanados dos ministros, mesmo cando viñeren precedidos de acordo ou informe previo das comisións delegadas do Goberno ou do Consello de Ministros; aquelas comisións están previstas nos artigos 1.3 e 6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e, conforme o artigo 1 do actual Real decreto 1/2024, do 9 de xaneiro, as comisións delegadas do Goberno son: “a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos; o Consello de Seguridade Nacional, na súa condición de Comisión Delegada do Goberno para a Seguridade Nacional; a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos de Intelixencia; a Comisión Delegada do Goberno para o Reto Demográfico e a Comisión Delegada do Goberno para a Axenda 2030”.

A Lei orgánica contén unha aclaración, máis que unha modificación do contido do precepto. A competencia non se ve alterada e a Audiencia Nacional segue coñecendo da impugnación dos mesmos actos cuxo axuizamento lle incumbía antes da reforma. A norma simplemente se limita a precisar que a competencia da Audiencia Nacional se mantén aínda que o acto veña precedido de informe ou acordo do Consello de Ministros ou das comisións delegadas, xa que a competencia obxectiva para coñecer dos recursos contra actos e disposicións destes últimos a mantén a Sala Terceira do Tribunal Supremo, como tivo ocasión de sinalar a propia Audiencia Nacional, en autos núm. 75/2017, do 5 de abril [ES:AN:2017:304A], e núm. 102/2018, do 30 de abril [ES:AN:2018:668A].

En suma, a novidade é meramente aclaratoria, aínda que tampouco entendemos que fose precisa tal aclaración, porque a redacción anterior do artigo 11.1.a) da LXCA non deixaba marxe de dúbidas. A facultade decisoria, con ou sen informe ou acordo previo deses órganos superiores, tena o ministro, que é o que dita o acto administrativo obxecto do recurso contencioso-administrativo, en virtude do cal se determina a competencia obxectiva, con abstracción de informes e acordos previos.

4. Introducción da lexitimación dos sindicatos para actuar en nome dos seus afiliados

En segundo lugar, a Lei orgánica 1/2025 modifica o artigo 19.1 e engade a letra k), para dar así cabida á lexitimación dos sindicatos para actuaren en defensa dos dereitos e

intereses individuais dos funcionarios e o persoal estatutario que, afiliados a estes, así o autoricen.

Iso leva consigo tamén unha modificación dos documentos que, segundo o artigo 45.2 da LXCA, é necesario acompañar ou presentar xunto co recurso contencioso-administrativo, a saber e conforme o apartado e) que introduce a reforma, serán necesarios: o documento que acredite a afiliación do persoal funcionario ou estatutario ao sindicato, a comunicación por parte do sindicato da súa vontade de iniciar o proceso e a autorización do persoal afectado.

Respecto da posibilidade hipotética de que o sindicato poida actuar en defensa e representación dos seus afiliados, non é algo que non puidese acontecer antes desta reforma, xa que, noutros casos como o das corporacións de dereito público, se admitía sen atrancos esta posibilidade sempre que houboese unha autorización para iso por parte do interesado⁸, que é o que introduce agora de forma clara e expresa o lexislador. Dito doutro xeito, nada lle impedía ao sindicato asumir a defensa e representación dos intereses e dereitos individuais dos seus afiliados na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sempre que existise unha autorización para o efecto.

Por outro lado, tal como está redactado o precepto, parece que a iniciativa para iniciar o proceso debe partir do sindicato, que ten que pór en coñecemento do afiliado a vontade de iniciar o asunto e que este debe consentir o exercicio da acción por parte do primeiro. Este apartado presenta varias incógnitas que se despexarán co paso do tempo por parte dos tribunais de xustiza, pero aventurámonos a facer unha primeira interpretación.

Ao noso parecer, a comunicación para iniciar o proceso ha de ser necesariamente previa á interposición do recurso contencioso-administrativo. No caso contrario e se non se cumpriese aquel requisito, o vicio sería incorrible, estaríamos ante un defecto de índole material e debería conducir á inadmisión do recurso contencioso-administrativo. Referímonos ao caso dunha comunicación posterior por parte do sindicato ao afiliado, é dicir, unha vez interposto o recurso.

De feito, se entendésemos que esa comunicación do sindicato pode ser posterior, aínda que esa interpretación se compadece mellor co principio *pro actione*⁹, perdería o seu sentido o artigo 45.2.e) da LXCA, que exige unha autorización, evidentemente, con anterioridade á interposición. Se a vontade do lexislador fose a de admitir unha comunicación ulterior, empregaría expresións como ratificación ou aprobación, que implican unha actuación posterior de validación ou confirmación, a diferenza da autorización, que é sempre previa.

Outra dúbida que xorde do actual teor literal dos artigos 19.1.k) e 45.2.e) da LXCA, ao noso xuízo, é precisamente sobre a iniciativa para interpor o recurso, que, segundo o texto da lei, debe ser do sindicato. Pero entendemos que nada obsta a que a iniciativa proveña do afiliado que deposita de maneira voluntaria no sindicato a

⁸ STS (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 6.ª) do 20 de abril de 2007 (Recurso núm. 4804/2002), que acolle o ditame do Consello Consultivo de Galicia e determina que as Confrarías de Pescadores, a pesar de que non representan os intereses patrimoniais de cada un dos seus asociados, poden tamén asumilos se hai autorización expresa para iso.

⁹ YANGUAS MONTERO, G., "Representación y defensa de las partes: exigencia y subsanación", en CHAVES GARCÍA, R. (Coord.), *77 aspectos esenciales del proceso contencioso-administrativo*, Bosch, Madrid, 2024, pp. 1-2.

defensa dos seus intereses. Retoricamente, preguntámonos se se podería inadmitir o recurso contencioso-administrativo se, en lugar dunha comunicación do sindicato ao afiliado, existise unha comunicación no sentido contrario. Consideramos que, neste caso, o principio *pro actione* decanta a balanza a prol da admisión e que, en definitiva, a existencia desa comunicación é un requisito, en calquera caso, emendable e pode, mesmo, que a comunicación sexa do funcionario ao sindicato, sempre que sexa previo á interposición, como dicíamos antes.

En suma, se ben eses actos deben ser previos necesariamente, non entendemos que o teor do precepto ampare a inadmisión do recurso cando a iniciativa procede do funcionario, e non do sindicato.

En calquera caso, o precepto cóidase ben de sinalar que os efectos recaerán na esfera do funcionario ou persoal estatutario, ben sexan os positivos, derivados da sentenza estimatoria, ben sexan os negativos, como unha eventual condena en custas consecuencia da desestimación do recurso contencioso-administrativo.

Na práctica, a modificación tampouco é de gran calado, porque viña sendo habitual que os servizos xurídicos dos sindicatos asumisen tamén a representación dos afiliados nos recursos que aqueles exercitaban a título particular.

5. Modificacións operadas no procedemento abreviado

A continuación, referiremos as modificacións máis substanciais operadas pola Lei orgánica 1/2025, que se centran no procedemento abreviado coa finalidade non só de eludir a vista¹⁰, senón tamén de que o xulgador poida emitir a sentenza oralmente, posibilidade que xa estaba prevista no artigo 210 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e, como nos recorda o propio lexislador na exposición de motivos, non é novidosa na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, porque xa tiña cabida no procedemento de garantía para a unidade de mercado.

5.1. Sobre a celebración da vista

A gran modificación no procedemento abreviado concirne á celebración da vista. Como vimos dicindo, o lexislador trata de evitar a súa celebración. Non obstante, tal como sinalaban os autores, non deixa de ser paradoxal que o lexislador propicie

¹⁰ En tales casos, Evaristo González González fala dun procedemento abreviadísimo. Véxase GONZÁLEZ GONZÁLEZ, E., “El procedimiento abreviado”, en CHAVES GARCÍA, R. (Coord.), *77 aspectos esenciales del proceso contencioso-administrativo*, Bosch, Madrid, 2024, pp. 5-6.

Outros autores denominano procedemento abreviado “expreso”, por todos, ZAPATA HIJAR, J. C., “El proceso abreviado contencioso-administrativo”, en EZQUERRA HUERVA, A. e OLIVÁN DEL CACHO, J. (Dir.), *Comentarios a la Ley de Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, p. 1410; MARTÍNEZ ATIENZA, G., *Estudio sistematizado de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa*, Ediciones Experiencia, 2022, pp. 640-641. Véxanse tamén LOREDO COLUNGA, M., “Puntos críticos en la tramitación del procedimiento abreviado”, cit., p. 58; PÉREZ ESTRADA, M. J., “Problemas actuales del procedimiento abreviado contencioso-administrativo”, en CASTILLEJO MANZANARES, R. e MARTÍN CONTRERAS, L. (Dir.), *El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, p.84; VALIÑO CES, A., “Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado”, cit., p. 119.

ou promova que un proceso, nacido e inspirado na oralidade e que ten a súa orixe no proceso social, se acabe tramitando por escrito¹¹.

Tras a reforma e a partir do 3 de abril de 2025, a mecánica será a seguinte: se o actor o solicita expresamente ou non di nada ao respecto, a vista celebrárase. Se non o solicita o actor, o lexislador acoutou a amplísima facultade que tiña a parte demandada para instar a súa celebración, polo menos de forma libérrima ou incondicional, posto que a solicitude da parte demandada para conseguir a celebración da vista ha de ser agora fundamentada, isto é, non basta con que a demandada se opoña á tramitación por escrito do procedemento, senón que dentro do prazo dos dez primeiros días de que dispón para contestar deberá expor os feitos sobre os que existe desconformidade, así como os medios de probas que deben practicarse; estes últimos deben ser diferentes dos existentes en autos, é dicir, a documental anexada á demanda e o expediente administrativo xeralmente¹².

Xa algúns autores, como Loredó Colunga ou Valiño Ces¹³, propugnaban a necesidade de motivación da celebración da vista pola Administración ou, como viamos antes, suxerían unha sanción en caso dun obstinado e rebelde empeño na súa celebración cando non é necesaria.

Estes dous motivos que amparan a solicitude de vista son acumulativos, é dicir, debe existir desconformidade nos feitos, e a parte demandada debe pór de manifesto esa desconformidade e indicar as probas –testifical e pericial esencialmente– que desexa practicar na vista para xustificar o sinalamento; dicimos que debe tratarse de proba pericial e testifical porque a doutrina admite que coa demanda se poida achegar documental¹⁴.

Á vista das alegacións da demandada, o xuíz resolverá sobre a celebración da vista mediante auto, que non é recorrible se accede á celebración, pero fronte ao que cabería recurso de reposición cando o xuíz denegue a celebración da vista. Sobre isto volveremos posteriormente, pero baste por agora con sinalar que nada di o precepto sobre a posibilidade de impor a condena en custas á Administración en caso de mala fe ou temeridade na solicitude da vista se, finalmente, o xuíz rexeita aquela solicitude, como suxerían os autores que citabamos antes.

A dúbida que xorde atinxe aos efectos da solicitude de vista pola parte demandada, é dicir, se suspende ou non o prazo para contestar. Entendemos que se desprende efectivamente tal suspensión *ipso lege* mentres non se resolve a solicitude de suspensión non porque o diga expresamente o lexislador, senón porque emprega un

¹¹ PÉREZ ESTRADA, M. J., "Problemas actuales del procedimiento abreviado contencioso-administrativo", cit., p. 87; VALIÑO CES, A., "Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado", cit., p. 107.

¹² Segundo González González, o proceso abreviadísimo, como o denomina, só podería ter lugar cando o actor presenta a demanda e non propón proba, máis alá do expediente administrativo. Non obstante, reconece que na práctica a tramitación escrita permite tanto a proba documental como informes periciais escritos. Véxase GONZÁLEZ GONZÁLEZ, E., "El procedimiento abreviado", cit., pp. 5-6.

Véxase tamén CHAVES GARCÍA, R., "Procedimiento abreviado: incidencias y trámites", cit., p. 25; PÉREZ ESTRADA, M. J., "Problemas actuales del procedimiento abreviado contencioso-administrativo", cit., p. 88; VALIÑO CES, A., "Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado", cit., p. 120.

¹³ LOREDO COLUNGA, M., "Puntos críticos en la tramitación del procedimiento abreviado", cit., p. 66; VALIÑO CES, Almudena, "Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado", cit., p. 121.

¹⁴ ZAPATA HIJAR, J. C., "El proceso abreviado contencioso-administrativo", cit., p. 1411.

teor literal que se identifica plenamente co utilizado polo lexislador para o caso da formulación das alegacións previas no artigo 59.3 da LXCA, que si teñen recoñecida *ex lege* a virtualidade de suspender o prazo de contestación. É algo que terán que resolver os tribunais, pero, desde logo, unha axeitada técnica lexislativa tería conducido a unha precisión dos efectos da solicitude de vista en canto ao prazo para contestar á demanda, que, entendemos, non debe seguir correndo.

5.2. Sobre as conclusións escritas

Se se accedese á tramitación escrita, rexería plenamente o disposto no artigo 57 da LXCA, de modo que o actor debeu ter solicitado expresamente o trámite de conclusións no seu escrito reitor. Tamén parece desprenderse do teor literal do último párrafo do artigo 78.3 que, cando o tivese solicitado a parte demandada e se denegase a celebración da vista, se practicaría igualmente o trámite de conclusións.

Outra novidade que presenta a Lei orgánica neste extremo é a fixación dun prazo de cinco días para tramitar as conclusións, sucesivamente. A pesar de que antes non estaba disciplinado, Valiño Ces¹⁵ suxería que debía ser a metade que o previsto para o procedemento ordinario, é dicir, xa postulaba un prazo de cinco días.

En síntese, o trámite de conclusións terá lugar tanto cando o solicitase o actor na súa demanda como cando, solicitada pola demandada a celebración da vista, esta se rexeitase, e tamén cando se acorde a tramitación escrita por instancia da parte demandada. Pola contra, cando se acorda a tramitación por escrito *ab initio*, o preito queda concluso para sentenza unha vez contestada a demanda, salvo que o xuíz acorde unha dilixencia final¹⁶.

5.3. Sobre a sentenza oral

Outra novidade que introduce a Lei orgánica é a posibilidade de ditar sentenza oral, que, como di Chaves García¹⁷, exixía unha autorización legal, agora outorgada.

Na exposición de motivos prométese que esa posible sentenza oral non repercutirá na tutela xudicial efectiva nin suporá unha mingua das garantías procesuais porque, e aínda que non se remite aos artigos 210 e 218 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, di que o xuíz, ao pronunciala de viva voz, terá que referir os feitos, as probas e estimar ou desestimar as pretensións. Non podería ser doutro modo, á vista dos artigos da LAC, é dicir, que se confira a facultade de emitir a decisión oralmente non implica que esa resolución oral poida prescindir da forma e do contido que a identifica como sentenza¹⁸.

¹⁵ VALIÑO CES, A., "Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado", cit., p. 106.

¹⁶ LARA GONZÁLEZ, F., "Novedades de la Ley Orgánica 1/2025, de 2 de enero, de medidas en materia de eficiencia del Servicio Público de Justicia en el proceso contencioso-administrativo", cit., p. 49.

¹⁷ CHAVES GARCÍA, R., "Procedimiento abreviado: incidencias y trámites", cit., p. 25.

¹⁸ Véxase MEDINA GONZÁLEZ, S., "La sentencias y otros modos de terminación del proceso", en BACIGALUPO SAGGESE, M., DEL SAZ CORDERO, S. e outros, *Jurisdicción contencioso-administrativa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2024, pp. 155-156.

Hai que ir ao artigo 210 da LAC para dilucidar as consecuencias dunha sentenza oral. En primeiro termo, trátase dunha mera posibilidade ou facultade en mans do xulgador, que non empece o deber de documentala posteriormente por escrito. Por outra parte, e aquí vén o máis importante para as partes en liza, o *dies a quo* dun eventual recurso de apelación contará, conforme o artigo 210.4 da LAC, desde a notificación da sentenza por escrito, e non desde a data da celebración da vista en que aquela foi pronunciada.

5.4. Sobre os recursos

En canto aos recursos fronte á sentenza e para tratar de eludilos, a nova redacción prevé a posibilidade de que as partes anuncien a súa vontade de non recorrer, deixando que a sentenza gañe firmeza no propio acto da vista en que se pronuncia oralmente. Así mesmo, desde a notificación da sentenza en papel poderán anunciar a súa vontade de non recorrer nun exíguo prazo de cinco días.

Con esta modificación está claro que o lexislador persegue eludir os recursos de apelación contra as sentenzas, facilitar así que gañen canto antes firmeza e se poida proceder á súa execución. Nótese que os recursos de apelación nos procedementos abreviados son unha *rara avis*, pola coincidencia entre o ámbito obxectivo do procedemento e o límite de acceso á apelación¹⁹.

Non obstante, é difícil que se poida lograr a finalidade pretendida polo lexislador de eludir o recurso mediante un anuncio das partes, sobre todo polo que á Administración respecta. E é que non podemos esquecer a escasa marxe de actuación que teñen os letrados públicos para dispor da acción procesual, xa sexa en virtude do artigo 7 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, ou do artigo 12.7 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Xunta de Galicia, precepto que atopa parangón nas normas que regulan os servizos xurídicos das diferentes administracións autonómicas. Tanto en sala como nos cinco días seguintes á notificación da sentenza, é materialmente imposible que se poida obter esa autorización da Avogacía Xeral ou o acordo do Consello da Xunta, logo de informe da Secretaría Xeral e trasladándollo previamente tamén a órgano afectado, ou calquera outra formalidade similar que adoitan exixir as normas para poder dispor da acción procesual²⁰.

En síntese, a reforma é pouco sensible ante a situación reinante na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, que impide que se poida usar esa nova ferramenta para evitar a perpetuación do litixio, máxime se temos en conta que esas sentenzas que acceden ao recurso poden referirse a asuntos de persoal que, en virtude do artigo 110 da LXCA, son susceptibles de extensión de efectos, polo que é máis que conveniente un estudo pormenorizado da cuestión de fondo, con interlocución do órgano

¹⁹ PÉREZ ESTRADA, M. J., "Problemas actuales del procedimiento abreviado contencioso-administrativo", cit., p. 92.

²⁰ CHAVES GARCÍA, R., "Procedimiento abreviado: incidencias y trámites", cit., p. 33, refire a autorización necesaria para transixir.

xestor, que fai inviable a medida introducida, polo menos respecto da Administración demandada.

Non obstante, o intento do lexislador tampouco é desatinado se nos atemos aos datos estatísticos, que demostran a limitada viabilidade do recurso de apelación²¹.

6. Sobre outras modificacións

Para finalizar, a última das novidades que presenta a norma é a posibilidade de asegurar a práctica da proba na vista e evitar así suspensións innecesarias, cando ao tempo da demanda se tivesen solicitado esas dilixencias, sen prexuízo de que iso non prexulga a ulterior admisión da proba en sala, como postulaban no seu día Zapata Hjar²² ou Chaves García²³.

Polo que respecta ao apartado 18 do artigo 78 da LXCA, a reforma inclúe unha modificación de escaso calado, xa que se limita a indicar que, para o caso de que se suspenda a vista, se deberá facer un novo sinalamento o día seguinte se o letrado da Administración de xustiza non estivese presente en sala.

7. Conclusións

Pois ben, as conclusións que extraio da reforma non son positivas. Considero que non se introduciu ningún mecanismo novo de que non puidesen facer uso antes as partes para dotar de celeridade o procedemento. As partes podían reconducir o recurso contencioso-administrativo a unha tramitación por escrito, especialmente cando non houbose proba ou cando a cuestión fose estritamente xurídica. Malia ser certo que á parte demandada se lle poñen máis trabas para instar a celebración da vista, non son insalvables; atrévome a anticipar que non se van intentar buscar óbices á tramitación escrita.

Por outra banda, o intento de evitar un eventual recurso de apelación resulta, *prima facie*, inútil no caso das administracións públicas dada a limitada marxe de disposición, nula practicamente, sobre a acción procesual e a necesaria mediación do órgano asistido e dos superiores xerárquicos dentro dos servizos xurídicos.

O mesmo poderíamos dicir respecto da lexitimación que se arroga aos sindicatos e que, aínda antes da reforma, podían asumir co consentimento sempre dos afiliados para a defensa dos seus intereses.

Para finalizar, entendo que tería sido conveniente introducir unha especie de trámite de alegacións previas. Isto serviría para que, sen prexuízo da obriga do letrado da Administración de xustiza de comprobar a competencia, a Administración poida advertir tanto unha eventual incompetencia como outros óbices procesuais, especialmente a inadecuación do procedemento, sen necesidade de esperar a un sinalamento

²¹ CASADO CASADO, L., "Algunas reflexiones acerca de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa", cit., p. 168.

²² ZAPATA HIJAR, J. C., "El proceso abreviado contencioso-administrativo", cit., pp. 1370-1371 e 1378.

²³ CHAVES GARCÍA, R., "Procedimiento abreviado: incidencias y trámites", cit., pp. 37-39.

e celebración da vista para pór de manifesto nese mesmo instante cuestións que van impedir a súa celebración. Esta si tería sido, ao meu xuízo, unha verdadeira forma de axilizar o procedemento, como suxería Rivero Ortega²⁴, mediante a anteposición dos óbices procesuais que, doutra forma, a Administración alega na contestación ou na vista²⁵, como a xurisdición, competencia ou inadecuación do procedemento, que van impedir a continuación do proceso.

Considero, por outra parte, que o lexislador erra de novo no seu obxectivo. Se o procedemento abreviado se creou para axilizar e desconxestionar os tribunais superiores de xustiza e, non obstante, implicou a conxestión e paralización dos asuntos nos órganos unipersoais²⁶, é evidente que o problema non se localiza no procedemento, oral ou escrito, a seguir. É máis, as estatísticas parecen dicir que a oralidade non é a solución, no caso da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, porque os procedementos ordinarios se resolven antes que os abreviados²⁷. Entón, preguntámonos se non tería sido máis conveniente limitar o ámbito do procedemento abreviado²⁸. Non resulta congruente por parte do lexislador afanarse en crear primeiro un proceso oral, como solución ao atoamento creado polos procedementos ordinarios escritos, para logo propiciar que o presunto procedemento oral, que se erixía como solución ao problema, se acabe tramitando por escrito.

regap



COMENTARIOS

8. Bibliografía

- BARCIA GONZÁLEZ, F., “La supletoriedad de la LEC respecto del procedimiento contencioso-administrativo”, en CHAVES GARCÍA, R. (Coord.), *77 aspectos esenciales del proceso contencioso-administrativo*, Bosch, Madrid, 2024.
- CASADO CASADO, L., “Reflexiones sobre algunas debilidades de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa”, en MONTERO CHINER, M. J., CASADO CASADO, L. y FUENTES I GASÓ, J. R. (Eds.), *La Jurisdicción Contencioso-Administrativa ante la encrucijada de su reforma*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2023, pp. 113-267.
- CHAVES GARCÍA, R., “Procedimiento abreviado: incidencias y trámites”, en CASTILLEJO MANZANARES, R. y MARTÍN CONTRERAS, L. (Dirs.), *El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, pp. 21-50.

²⁴ RIVERO ORTEGA, R., *Derecho Administrativo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2024, p. 206.

Véxase tamén ZAPATA HIJAR, J. C., “El proceso abreviado contencioso-administrativo”, cit., p. 1391, que pon de relevo a necesidade de resolvelas no acto, así como a imposibilidade de facelo no caso das alegacións de falta de xurisdición ou incompetencia ex arts. 5 e 7 da LXCA polo preceptivo traslado ao Ministerio Fiscal.

²⁵ CHAVES GARCÍA, R., “Procedimiento abreviado: incidencias y trámites”, cit., pp. 28, 44-45.

²⁶ PÉREZ ESTRADA, M. J., “Problemas actuales del procedimiento abreviado contencioso-administrativo”, cit., pp. 78, 83 e 86; VALIÑO CES, A., “Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado”, cit., p. 121.

²⁷ LOREDO COLUNGA, M., “Puntos críticos en la tramitación del procedimiento abreviado”, cit., pp. 53-54; PÉREZ ESTRADA, M. J., “Problemas actuales del procedimiento abreviado contencioso-administrativo”, cit., p. 73; VALIÑO CES, A., “Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado”, cit., p. 107.

²⁸ CHAVES GARCÍA mostra como bondades deste procedemento a aproximación da xustiza ao cidadán e a súa humanización. Véxase CHAVES GARCÍA, R., “Procedimiento abreviado: incidencias y trámites”, cit., p. 48.

- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, E., “El procedimiento abreviado”, en CHAVES GARCÍA, R. (Coord.), *77 aspectos esenciales del proceso contencioso-administrativo*, Bosch, Madrid, 2024.
- HUERGO LORA, A., “El control judicial de la Administración”, en DARNACULLETA GARDELLA, M. M. y VELASCO CABALLERO, F. (Dirs.), *Manual de Derecho Administrativo*, Marcial Pons, Madrid, 2024, pp. 859-885.
- LARA GONZÁLEZ, F., “Novedades de la Ley orgánica 1/2025, de 2 de enero, de medidas en materia de eficiencia del Servicio Público de Justicia en el proceso contencioso-administrativo”, *Revista Jurídica de la Comunidad de Madrid*, núm.1, Enero 2025, pp. 47-52.
- LOREDO COLUNGA, M., “Puntos críticos en la tramitación del procedimiento abreviado”, En CASTILLEJO MANZANARES, R. y MARTÍN CONTRERAS, L. (Dirs.), *El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, pp. 51-68.
- MARTÍNEZ ATIENZA, G., *Estudio sistematizado de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa*, Barcelona, Ediciones Experiencia, 2022.
- MEDINA GONZÁLEZ, S., “La sentencias y otros modos de terminación del proceso”, en BACIGALUPO SAGGESE, M., DEL SAZ CORDERO, S. y otros, *Jurisdicción contencioso-administrativa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2024, pp. 155-173.
- PÉREZ ESTRADA, M. J., “Problemas actuales del procedimiento abreviado contencioso-administrativo”, En CASTILLEJO MANZANARES, R. y MARTÍN CONTRERAS, L. (Dirs.), *El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, pp. 71-96.
- RIVERO ORTEGA, R., *Derecho Administrativo*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2024
- VALIÑO CES, A., “Análisis en torno a la posibilidad de introducir la contestación por escrito en el procedimiento abreviado”, En CASTILLEJO MANZANARES, R. y MARTÍN CONTRERAS, L. (Dirs.), *El proceso contencioso-administrativo: Cuestiones Problemáticas*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, pp. 99-133.
- YANGUAS MONTERO, G., “Representación y defensa de las partes: exigencia y subsanación”, en CHAVES GARCÍA, Ramón (Coord.), *77 aspectos esenciales del proceso contencioso-administrativo*, Bosch, Madrid, 2024.
- ZAPATA HIJAR, J. C., “El proceso abreviado contencioso-administrativo”, en EZQUERRA HUERVA, A. y OLIVÁN DEL CACHO, J. (Dirs.), *Comentarios a la Ley de Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2021, pp.1345-1413. Análise sobre as modificacións operadas pola Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza no ámbito da xurisdición contencioso-administrativa